

# Cinema de historias da man de Alice Guy, a nai do cine.

Un espectáculo de Raquel Queizás

## GUÍA DIDÁCTICA.

Esta guía didáctica pretende dar a coñecer ao alumnado de educación primaria á pioneira Alice Guy, a primeira persoa en contar unha historia de ficción no cine. Da súa man coñeceremos as orixes da sétima arte e viaxaremos no tempo para ver as súas primeiras películas e a súa loita por dignificar o seu traballo como directora, produtora, actriz, camarógrafa, etc. nun mundo de homes.

## OBXECTIVOS

Introducir ao alumnado no mundo das orixes do cine, acompañando a Alice Guy dende a súa nenez ata á fin da súa vida, dunha maneira lúdica, participativa e divertida.

Coñecer as innovacións, trucos, tamén efectos especiais que inventa, descubre Alice Guy e que utiliza para contar historias nas súas películas.

Familiarizarse co cine mudo e cos seus recursos narrativos, diferentes aos empregados no cine actual.

## FILMOGRAFÍA EMPREGADA PARA CINEMA DE HISTORIAS.

Irmáns Lumière:

La Sortie des usines Lumière (A saída da fábrica), 1895.  
L'arrivée d'un train à La Ciotat (A chegada do tren), 1895.  
L'arroseur arrosé (O regador regado), 1895.

Alice Guy:

La fee aux choux (A fada dos repolos), 1896.  
Madame a des envies (A señora ten antollos ), 1906. (Fragmentos)  
Une héroïne de quatre ans (Una heroína de catro anos), 1907.  
Two little rangers (Dúas pequenas sheriff ), 1919. (Fragmentos)  
Les résultats du féminisme (Os resultados do feminismo), 1906. (Fragmentos)  
La charité du prestidigitateur (O mago xusto), 1905.  
La glu (O caldeiro de cola), 1907.  
Pierrette's Escapades (Trasnadas de Pierrot), 1900. (Fragmentos)


## BIBLIOGRAFÍA:

Guy, Alice, "Mémoires", Autists Associats Editions, Rouen, Francia. 2018.  
Val Cubero, Alejandra, "Vida de Alice Guy Blaché", EILA Editores S.L., Madrid, 2016.  
McMahan, Alison. "Alice Guy Blaché", ediciones PLOT Blanco y Negro, Madrid, 2006.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES



(para realizar despois de ver a representación de “Cinema de historias”)

1.- A avoa de Alice Guy adoitaba contarlle contos e lendas. A ela gustábanlle as historias protagonizadas por nenas e mulleres valentes. Investiga que teñen en común os seguintes tres contos tradicionais: *Pel de asno*, *Ovos duros*, *Zalgum*.



2.-Xoguetes ópticos: ilusión, maxia, óptica. Cos seus nomes estraños estes xoguetes espertaron a imaxinación de Alice e a súa gana de contar historias.

Que é un taumatropo? E un folioscopio?



3.- Alice non quixo casar de nova coma as súas irmáns maiores. Ela preferiu atopar un oficio. Lembra onde conseguiu traballo? En que consistía a súa labor?



4.- Alice, despois de ver as primeiras películas dos irmáns Lumière, que representaban escenas cotiás (a saída dos traballadores dunha fábrica, a entrada dun tren na estación...) tivo unha idea xenial: como lera tantos libros de aventuras, de misterio, de terror, quixo contar historias de ficción. Cal foi a súa primeira película?

5.- O Sr. Gaumont e os irmáns Lumière estaban interesados en vender cámaras de cine. Por que? Recordas como se chamaba a cámara que inventaron os irmáns Lumière?



6.- Ao principio o Sr. Gaumont non quería deixarlle a cámara a Alice para rodar as súas películas, Cal foi a condición que lle puxo a Alice para deixarlle?

7.-A Alice gustáballe moito o teatro, xa de pequena xogaba cos sombreiros que facía a súa avoa. Chegou actuar nalgunha das súas películas. Lembras o papel que interpreta en *A señora ten antollos?*



8.- Nas súas películas Alice conta historias de mulleres e nenas moi valentes. Acórdaste dalgunha?. Escribe o seu argumento como un relato.



9. Na película “Os resultados do feminismo” Alice con sentido do humor e sentido crítico móstranos o mundo ao revés: mulleres que se comportan como homes e homes que se comportan como mulleres. Debuxa escenas que recordes onde se vexa ese cambio de roles, por exemplo: muller lendo o xornal, home pasando o ferro. Que é o feminismo?



10.-Rodando, rodando, por mor dun erro, ou experimentando descobre os efectos especiais. Volve ver a película “A caridade do mago” (1908) que efectos especiais pódense apreciar?

- Aparicións e desaparicións
- Cambios de tamaño
- Home invisíbel
- Bonecos viventes



11.-Tamén colorea as súas películas, que antes eran en branco e negro. Lembras como o facía?



12.- O enxeño empregábase para crear os primeiros efectos especiais. Agora proba ti:

-Pide que te graven camiñando de fronte por un corredor cara unha porta.

-Grava a porta fechada desde o outro lado.

-Agora pide que te graven diante da porta, como se xa a tiveses atravesado. Avanza de fronte cara á cámara.

-Monta os vídeos para que dea a impresión de que atravesas a porta pechada.

13.- Nas proxeccións de cine mudo existían unhas persoas, narradores ou *explicadores*, que contaban a película ou lían os intertítulos durante a proxección. Volve ver algunha das películas de Alice Guy e inventa os diálogos entre as personaxes. Atrévete a poñerlles a túa voz?

Busca en internet algunha das súas películas e proba.

14.- Alice Guy rodou máis de mil películas entre Francia e Estados Unidos, a pesar de isto foi borrada da historia do cine. Por que? Pensas que é xusto?

Agora podemos devolverlle o lugar que merece como pioneira da sétima arte: é tan sinxelo como coñecer e contar a súa historia.

